



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 97/2017

atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### XII.- INCORPORACIÓN AO REGISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Carballo serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Carballo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web da-coruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

#### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e o convenio conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2018**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente.

2. Para o caso de que o Concello de Carballo non poida ter presentada a xustificación antes do día **31 de maio de 2018**, deberá solicitar alomenos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2018**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Carballo perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicaranse a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Carballo, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do 30 de xuño de 2017

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A DEPUTADA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E  
POLÍTICAS DE IGUALDADE

Asdo.: Ánxela Franco Pouso

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE CARBALLO

Asdo.: Evencio Ferrero Rodríguez

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA FINANCIAR O "MANTEMENTO DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS NO ANO 2017"

Na Coruña, a 27 de xullo de 2017

#### REUNIDOS

Dona. Ánxela Franco Pouso, Deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das resolucións da Presidencia nº 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

Don Evencio Ferrero Rodríguez, Alcalde Presidente do Concello de Carballo.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

#### MANIFESTAN

Que o Concello de Carballo é competente para a xestión da Unidade Asistencial de Drogodependencias, conforme co previsto no art. 25 da Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril e art. 62 e 14 da Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008.

Que a Deputación da Coruña, e competente para colaborar na xestión indicada, conforme ao previsto na citada Lei de Bases de Réxime Local art. 36, de conformidade coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 art. 109 e 119 así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Carballo ambas as dúas partes, acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

#### CLÁUSULAS

##### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carballo co CIF P-1501900C, para o financiar o **mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias** que presta servizos de atención e tratamento de drogodependencias así como programas de protección da saúde, aos concellos de Camariñas, Fisterra, Malpica, Cee, Laracha, Muxía, Ponteceso, Coristanco, Laxe, Cabana, Vimianzo, Zas, Corcubión e Dumbría.

##### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR O CONCELLO DE CARBALLO

O Concello de Carballo levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, conforme ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
<b>1.- Gastos de persoal</b>	
1.1. Retribucións básicas e complementarias	143.106,73
1.2. Seguridade Social	45.784,25
1.3. Gastos formación do persoal e locomoción do persoal	2.000,00
<b>2.- Productos farmacéuticos e sanitarios</b>	
2.1. Productos farmacéuticos	2.500,00
2.3. Material sanitario de consumo	2.500,00
<b>3.- Outros aprovisionamentos</b>	
3.1. Libros e revistas	1.000,00
3.2. Material de limpeza e aseo	1.000,00
3.3. Material de oficina diverso	1.000,00
<b>4.- Servizos exteriores</b>	
4.1. Limpeza	6.500,00
4.2. Traballos realizados por outras empresas (vixilancia)	30.000,00
<b>TOTAL DO GASTO</b>	<b>235.390,98</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **12,74%**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 12,74%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o Concello de Carballo que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade 2017 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ó Concello de Carballo de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de Carballo o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Carballo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello de Carballo tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radlofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Carballo.

### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista no disposto na Base 57ª das de Execución do Orzamento para o ano 2017 ata o 50% da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Carballo pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación:

Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adjudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar alomenos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo disposto na cláusula oitava.

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

O Concello de Carballo estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50% restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación:

Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Carballo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

### VII.- TERMO PARA A REALIZACION DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como se describen na cláusula primeira, deberán estar realizadas desde o **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017**.

2. Unha vez realizada a actividade, o Concello de Carballo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta, **antes do 31 de maio de 2018**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de Subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Carballo para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Carballo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Carballo na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Carballo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Carballo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial será determinada por esta de oficio.

### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Carballo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Carballo poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Carballo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56ª.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75,00 € se o